"¿CÓMO QUEDÁSTEIS?"

Nova xornada de competición para os distintos equipos do Numancia. Desta vez os resultados non foron os desexados nos diferentes partidos disputados. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Derrota no seu desprazamento a Neda nun partido no que se podía reducir a diferenza coas duas primeiras posicións. Non poido ser, polo que haberá que seguir loitando para intentar facer disfrutar a Marea Vermella domingo tras domingo.

XUVENÍS: Caeron derrotados a domicilio ante un dos equipos da zona alta como é o Eume Deportivo. Contínuan na zona media da clasificación con vistas a mellorar no último tramo da competición.

INFANTÍS: Perderon en Prados Vellos ante o AD Miño nun partido moi igualado. Siguen competindo dignamente cos mellores equipos da comarca na Liga Infantil; acumulando rodaxe e minutos moi competitivos de cara ó futuro.

FÚTBOL - 8 E BIBERÓNS: Gran xornada de fútbol - 8 a vivida na tarde do venres en Ares. Os biberóns retomaron a Liga AFACO de fútbol - 8 cun bonito e divertido derbi ante o Galicia de Mugardos. En prebenxamíns, Numancia e AD Miño ofreceron un emocionante e disputado partido con vitoria axustada para os visitantes. Para pechar a tarde do venres os alevíns conseguían empatar ante o líder da Liga, o Portuarios "B". Xogaron o sábado os benxamíns, caendo derrotados nun bo partido ante o Ánimas no campo de A Gándara.

En resumo, unha xornada que non deixou bos resultados para o Numancia, pero que pode deixar una reflexión. Pensade un segundo cal e a primeira pregunta que facedes ó voso familiar ou amigo que é xogador ou adestrador do Numancia cando chega dun partido o que vos non poideches asistir. Fulanito, "¿xogáchedes hoxe? "¿CÓMO QUEDÁSTEIS? ". Sempre preguntamos primeiramente polo resultado.

[illegible]